

Orde do 20 de febreiro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de investimentos relativos á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, aprobadas pola Orde do 17 de xullo de 2000, e se particulariza para o exercicio 2008 o devandito procedemento.

A aplicación das disposicións da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) modificada polas ordes do 30 de decembro de 2002 (DOG nº 252, do 31 de decembro), do 29 de decembro de 2003 (DOG nº 253, do 31 de decembro), e do 3 de xaneiro de 2006 (DOG nº 7, do 11 de xaneiro) e 6 de agosto de 2007 (DOG nº 155, do 10 de agosto), establece no seu artigo 4 que nos exercicios sucesivos da vixencia do programa operativo IFOP 2000-2006 as axudas se outorgarán con cargo ás aplicacións orzamentarias que para esta mesma finalidade se determinen na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma do ano correspondente.

Aínda que o programa operativo do instrumento financeiro de orientación da pesca (IFOP) rematou no ano 2006, a data límite de subvencionabilidade dos gastos financiados con estes fondos abrangue ata o 31 de decembro de 2008, o que permite a asunción de novos compromisos de gasto no ano 2008, sempre que o pagamento final se realice con anterioridade a aquela data.

Como consecuencia dos efectos dunha redistribución de remanentes existentes no Eixe 3 do IFOP, onde se atopa encadrada a medida de transformación e comercialización, é posible proceder a unha nova convocatoria de axudas. Preténdese optimizar estes fondos, sempre que isto sexa posible tendo en conta a escasa marxe de tempo para a execución dos investimentos correspondentes, polo que os investimentos que poidan ser suxeitos de axuda, deberán estar rematados e xustificados antes do 30 de setembro de 2008.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria de axudas.

Convócanse axudas ao abeiro da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipula-

ción, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) na súa vixente redacción, para o ano 2008.

Artigo 2º.-Crédito orzamentario.

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación 14.03.723A.771.1, na que existe crédito axeitado e suficiente ata un importe máximo de 25.000.000 de euros; que queda reservado para os efectos desta orde.

Este importe poderá ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

As solicitudes presentadas que sexan seleccionadas e reúnan todos os requisitos, serán resoltas de acordo coas disponibilidades orzamentarias existentes.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán acceder a estas axudas, aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de centros produtivos xa existentes situadas na Comunidade Autónoma de Galicia, así como aquelas outras que establezan novos centros produtivos nela dedicados á manipulación, transformación, conservación e tratamento dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura, sempre que estean en posesión das necesarias habilitacións administrativas e os investimentos se realicen dentro da comunidade autónoma.

Artigo 4º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-Prazo de xustificación dos investimentos.

Con carácter xeral e agás que a resolución individual da axuda dispoña o contrario, a xustificación do remate dos investimentos e o pagamento dos conceptos correspondentes a eles, deberá realizarse como máximo o 30 de setembro de 2008.

Disposicións adicionais

Primeira.-De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu regulamento.

Terceira.-En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención. Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO SETE DE VIGO

Edicto (618/2006-N).

Neste Xulgado de Primeira Instancia número sete de Vigo e nos autos de xuízo ordinario 618/2006-N, ditouse a Resolución con data do 7 de xullo de 2006, do teor literal seguinte:

«Auto:

Xuíza que o dita: Flora Lomo del Olmo.

Lugar: Vigo.

Data: 7 de xullo de 2006.

Antecedentes de feito:

Único.-O procurador sr. Gil, actuando en nome e representación de Adolfo Fernández Conde, segundo

acredita co poder que acompaña, presentouse demandada de xuízo ordinario, sinalando como parte demandada a Carlos Alberto Lopes Gonçalves, grupo de *Empresas Granitais, Granitais Granitos Internacionais, S.A., Granitais II Construcciones, L.D.A., Granimex Granitos e Mármores, S.A., Atlántida Granitos e Mármores, S.A., Rochazul Exploracao de Granitos, L.D.A., Multirocha Rochas Ornamentais, S.A., Angorocha Granitos e Mármores Limitada, CG Stone Internacional Trading Company Limited, Atlántida Granitos y Mármoles, S.A., Mármoles y Granitos del Norte, S.L., Atlántida Italia, S.R.L., Pedreira e Granitos das Pedras Salgadas, S.A., Angostone Construções e Rochas Ornamentais, Lda, e Rocsul, L.D.A.*, sobre reclamación de cantidade e outras accións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Examinada a anterior demanda, estímase, á vista dos datos e documentos achegados, que a parte demandante reúne os requisitos de capacidade, representación e postulación procesuais, necesarios para comparecer en xuízo conforme o determinado nos artigos 6, 7, 23 e 31 da Lei 1/2000, de axuízamento civil (LAC).

Segundo.-Conforme establece o artigo 404 da LAC, o tribunal, unha vez examinada de oficio a súa xurisdicción e competencia obxectiva e, cando procesa, territorial, ditará auto admitindo a trámite a demanda e dará traslado dela ao demandado para que compareza en legal forma e conteste a dita demanda no prazo de vinte días, cos apercibimentos establecidos nos artigos 496 e 497 do mesmo corpo legal.

Vistos os artigos citados e demais de xeral aplicación,

Parte dispositiva:

Declárase a competencia deste xulgado para o coñecemento da demanda formulada polo procurador Sr. Gil, en nome e representación de Adolfo Fernández Conde, fronte a Carlos Alberto Lopes Gonçalves, grupo de *Empresas Granitais, Granitais Granitos Internacionais, S.A., Granitais II Construcciones, L.D.A., Granimex Granitos e Mármores, S.A., Atlántida Granitos e Mármores, S.A., Rochazul Exploracao de Granitos, L.D.A., Multirocha Rochas Ornamentais, S.A., Angorocha Granitos e Mármores Limitada, CG Stone Internacional Trading Company Limited, Atlántida Granitos y Mármoles, S.A., Mármoles y Granitos del Norte, S.L., Atlántida Italia, S.R.L., Pedreira e Granitos das Pedras Salgadas, S.A., Angostone Construções e Rochas Ornamentais, L.D.A. e Rocsul, L.D.A.*, sobre reclamación de cantidade e outras accións.

Tense por parte o mencionado procurador, en nome e representación do demandante, como así acredita mediante a escritura de poder que acompaña, enténdéndose con el as sucesivas dilixencias no modo e forma que a lei prevén.

Admítase a trámite a dita demanda, a cal se substarnciará polos trámites establecidos para o xuízo ordinario nos artigos 399 e seguintes da Lei de axuízamento civil de 7 de xaneiro de 2000.